

Disciplina sí, pero ¿Qué necesitan os nosos fillos?

- **ESTÍMULOS:** Os nosos fillos, igual que os adultos, necesitan sentirse estimulados e recoñecidos nos seus comportamentos. Isto motiva para seguir superándonos.
- **ELOXIOS:** Estes daranlles un empuxón que lles axudará a continuar no camiño axeitado. Para que os eloxios teñan efecto:
 - Deben destacar o positivo, aínda que sexa algo moi pequeno.
 - Debemos dicilo de corazón, sentíndoo de verdade.
 - Evitar comparalo cos demais.
 - Non eloxiar en exceso.
- **PREMIOS:** Son unha forma positiva de motivar aos nenos e de reforzalos. Pero, elíxaos con moderación, **NON TODOS Os COMPORTAMENTOS DEBEN SER PREMIADOS**, porque o neno debe aprender que hai comportamentos que se deben facer porque si, porque forman parte do proceso da vida.



Departamento de Orientación
Colexio María Auxiliadora

MISIÓN: 
IMPOSIBLE

I
N
F
A
N
T
I
L
L


ESCOLA DF PAIS

MH-2
DISCIPLINA:
EMPEZANDO A
EDUCAR I

¿Influe nos nosos nenos a autoridade do alcalde? ¿É a do presidente do goberno? Para eles os referentes da autoridade somos os pais e os educadores. E ámbalas dúas complementáanse. A familia necesita axuda para completar o desenvolvemento intelectual e social do neno, e para desenvolver certos aspectos da personalidade; e o colexio, só, dificilmente pode dar a intimidade, o afecto, a seguridade e os valores básicos e precisa da familia.

Por iso, non debemos dividir as funcións nin liberarnos mutuamente de responsabilidades. **Debemos actuar conxuntamente para contribuír ao crecemento complexo dos nosos alumnos.**

A nosa autoridade familiar ou educativa obríganos a levar aos nosos fillos ou alumnos polo camiño da madurez humana; pero axudando, non imponendo a madurez.



COLEXIO M^{ra} AUXILIADORA
Avda. Ramón Ferreiro 30
LUGO

O camiño cara á madurez é un camiño moi longo. Crecer é un proceso lento e gradual. Ensinar disciplina quizá sexa máis fácil nos primeiros anos. Por iso é importante empezar canto antes. Neste camiño debemos de ter presentes tres aspectos fundamentais

- ★ **OS NENOS NECESITAN INTERIORIZAR AS NORMAS E A DISCIPLINA.** Nos primeiros anos de vida recorremos a métodos educativos impositivos, pois o nenos non comprende “Isto faise así”, “Isto non se fai”. Pero os nenos empezan a comprender e razoar máis pronto do que imaxinamos. Polo tanto debemos tratar de utilizar o método da interiorización tan axiña como sexa posible, explicando o motivo polo que as cousas son así e de razoar as normas e límites.
- ★ **O RESPECTO DEBE ESTAR SEMPRE PRESENTE.** Desde pequeno o neno debe de comprender que ante todo debe respectar os feitos, as persoas e as cousas. A madurez será posible cando comprenda que a propia actuación ten uns límites e que só se actúa axeitadamente cando se comprende a contorna e un é capaz de defender as ideas con respecto, de dialogar, de comprender, o que fará posible ser respectado.
- ★ **A AUTORIDADE E A AFECTIVIDAD NON SON SEPARABLES, SON COMPLEMENTARIAS.** Estas dúas características deben darse en toda persoa, de forma que o neno reciba do pai firmeza e agarimo e da nai a súa tenrura e os seus criterios estables e firmes. **É importante que ningún dos dous asuma o papel de amigo ou colega, porque non o son, senón de pais amigables e dialogantes que teñen como responsabilidade a educación dos seus fillos.**

Os nenos poden portarse mal por moitas razóns, por inmadurez, descoñecemento ou rebeldía, pero, sexa cal for a causa: **OS PAIS TEÑEN QUE ENSINARLLE DISCIPLINA AOS NENOS**

¿Que é a disciplina?

Disciplinar é guiar con decisión, facer cumprir razoando, construír autoestima e á vez corrixir o mal comportamento. **O OBXECTIVO DA DISCIPLINA É ENSINAR AOS NENOS A FACER AS COUSAS BEN.**



Disciplina sí, pero ¿Por onde empezar?

- ◆ **A ORGANIZACIÓN:** A orde é importante na vida. Debemos de ensinar que cada cousa ten o seu lugar. Debemos habitualos a pór as cousas no seu sitio. Ensinarlles e practicar con eles a recoller e a ordenar as cousas, ensinarlles a facelo sos no futuro.
- ◆ **O TEMPO:** Os horarios establecidos axudan aos nenos a saber o que teñen que facer. Fixar horarios para comer, ir á ducha, irse á cama, elimina moitas discusións, achega orde e tranquilidade e fai que os nenos se sintan seguros. Os hábitos establécense coa práctica.
- ◆ **O EXEMPLO DOS PAIS:** Dar exemplo é unha forma moi eficaz de guiar aos nenos. Educar co exemplo é un magnífico instrumento para ensinar disciplina. Hai catro áreas nas que dar exemplo é especialmente útil:
 - A limpeza e o aseo persoal
 - Recoñecer os erros pedindo desculpas.
 - A sinceridade
 - O respecto.